

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno
de Seguridade, Contratación,
Festas
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH
e Formación**

ASUNTO: RECURSO DE REPOSICIÓN

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

I.- En data 19/01/2024 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases xerais dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 e as bases específicas e convocatoria correspondente as prazas e postos que configurarán a 1ª fase de execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26/07/2024, foi aprobada a resolución dos recursos presentados ás bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas OEP dos anos 2020, 2021, 2022 (1ª fase da convocatoria)

II. Por Resolución de data 6/09/2024 (BOE 14/09/2024), procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas de:

- Dúas prazas de Sarxento extinción de incendios, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda de promoción interna.
- Vinte e tres prazas de Bombeira/ou, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda libre.
- Sete prazas de Condutora/or bombeira/ou, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda libre.

III.- Con data 16/01/2025 procedeuse a publicación no BOPPO nº 10 do acordo da Xunta de Goberno local de data 27/12/2024, da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas da 1ª fase da OEP 2020, 2021, e 2022.

IV.- Figurando excluído provisionalmente o Sr. J. Álvarez Moreira, con DNI ***6125**, presenta docs. nº 250011791 e 250011794 de data 18/01/2025, solicitando a súa inclusión na lista definitiva de admitidos, de acordo coa titulación presentada. Presenta unicamente a superación do acceso a universidade para maiores de 25 anos.



Copia do documento - Concello de Vigo
45741-220

Data impresión: 20/02/2025 12:36

Páxina 1 de 5

CSV: AFA7C3-D15445-48828B-3EN36L-ETHL4A-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno
de Seguridade, Contratación,
Festas
e Xestión Municipal

Área de RRHH
e Formación

V.- Por resolución da concelleira competente de data 17/02/2025 exclúese definitivamente ao Sr. Álvarez Moreira en base á seguinte fundamentación: “A proba de acceso para maiores de 25 anos é equivalente ao título de Bacharelato, aos efectos de acceso ao emprego público, sempre que ademais se cumpra algún dos seguintes requisitos: Estar en posesión do Graduado en ESO ou FP de primeiro grado ou equivalentes. Así o establece a Orden EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

O artigo 3.3. da referida Lei establece que: “Se da nueva redacción al artículo 4, apartado 3 de la Orden EDU/1603/2009, de 10 de junio, en los siguientes términos:

«3. La superación de la prueba de acceso a la universidad para mayores de veinticinco años, será equivalente al título de Bachiller, a los únicos efectos de acceso a empleos públicos y privados, siempre que se acredite alguno de los siguientes requisitos, o bien estar en posesión del título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria o equivalente a efectos académicos o a efectos profesionales, o bien haber superado al menos 15 créditos ECTS de los estudios universitarios...”

En aplicación da referida norma e non tendo aportado o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente a efectos académicos ou a efectos profesionais, ou ben acreditar ao menos 15 créditos ECTS dos estudos universitarios, desestímase a alegación.”

VI.- En data 18/02/2025 o Sr. Álvarez Moreira presenta o que denomina recurso de alzada solicitando se declare o seu dereito a participar no proceso selectivo pois non se tivo en conta documentación existente e por exixir requisitos xa acreditados. Aporta xunto co recurso a titulación de graduado en ESO.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexitimación e prazo

En primeiro lugar indicar que estamos ante un recurso de reposición non de alzada, e así se tramitará en base ao exposto no artigo 115.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante LPACAP) que determina que: “El error o la ausencia de la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter”. O recurso potestativo de reposición regúlase nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) determinando o primeiro dos preceptos citados que os actos administrativos que poñan fin en vía administrativa poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os houberse ditado.

O prazo de interposición será dun mes se o acto fora expreso, transcorrido o cal, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo da procedencia do recurso extraordinario de revisión.



Copia do documento - Concello de Vigo
45741-220

Data impresión: 20/02/2025 12:36

Páxina 2 de 5

CSV: AFA7C3-D15445-48828B-3EN36L-ETHL4A-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno
de Seguridade, Contratación,
Festas
e Xestión Municipal

Área de RRHH
e Formación

No presente caso o recorrente presenta formalmente recurso de reposición contra o acordo polo que se aproba a lista definitiva de admitidos ó día seguinte da súa publicación, polo tanto está interposto dentro do prazo establecido.

Respecto da **lexitimación** para a interposición do recurso de reposición, o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo senso, o artigo 112 da citada LPACAP determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderanse interpoñer polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. Non ofrece dúbida que o recorrente é interesado ao ter solicitado presentarse no proceso selectivo de sarxento de extinción de incendios.

II.- Motivación do recurso.-

Como se expuxo o Sr. Álvarez Moreira presenta recurso solicitando se declare o seu dereito a participar no proceso selectivo. Elo sobre a base de considerar que non se tivo en conta documentación existente na Administración e que se esté a exixir requisitos xa acreditados. Aporta xunto co recurso presentado a titulación de graduado en ESO.

É oportuno traer a colación o artigo 28 da LPACAP que establece que “3. *Las Administraciones no exigirán a los interesados la presentación de documentos originales, salvo que, con carácter excepcional, la normativa reguladora aplicable establezca lo contrario.*”

Asimismo, las Administraciones Públicas no requerirán a los interesados datos o documentos no exigidos por la normativa reguladora aplicable o que hayan sido aportados anteriormente por el interesado a cualquier Administración. A estos efectos, el interesado deberá indicar en qué momento y ante qué órgano administrativo presentó los citados documentos, debiendo las Administraciones Públicas recabarlos electrónicamente a través de sus redes corporativas o de una consulta a las plataformas de intermediación de datos u otros sistemas electrónicos habilitados al efecto, salvo que conste en el procedimiento la oposición expresa del interesado o la ley especial aplicable requiera su consentimiento expreso. Excepcionalmente, si las Administraciones Públicas no pudieran recabar los citados documentos, podrán solicitar nuevamente al interesado su aportación....”

No presente caso, o recorrente non presentou o título de graduado en ESO coa solicitude orixinal, nin tampouco o presentou logo de ser excluído provisionalmente, no período de subsanación de solicitudes. Tampouco indicou en ningún momento en que momento nin ante que órgano administrativo presentou os documentos necesarios para ser admitido (neste caso o título de graduado en ESO ou ter superados ao menos 15 créditos ECTS), sendo a súa obriga indicalo ó tenor do disposto no artigo referido anteriormente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2025 12:36	Páxina 3 de 5
45741-220	CSV: AFA7C3-D15445-48828B-3EN36L-ETHL4A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno
de Seguridade, Contratación,
Festas
e Xestión Municipal

Área de RRHH
e Formación

Non obstante, é certo que o título estaba en poder da administración e que se manifestou na alegación estar en posesión dos requisitos para presentarse ao proceso selectivo de sarxento de extinción de incendios. Por outra banda é preciso ter en conta o antiformalismo que presiden os procedementos selectivos, que levou ao Tribunal Supremo a permitir a posibilidade de subsanación da solicitude sempre que non se trate de unha presentación extemporánea se non de defectuosa acreditación. Neste senso a sentenza do Tribunal Supremo de data 08/05/2023.

En atención ao exposto, a pesar da falta de dilixencia do opositor en presentar a documentación necesaria, tendo en conta que a mesma estaba en poder da administración, que manifestou ter os requisitos, e considerando a xurisprudencia referida no parágrafo anterior, procede a estimación de recurso.

III.- Competencia.-

A competencia corresponde ao mesmo órgano que ditou a resolución que se recorre en virtude do disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á vista do exposto, vistas as competencias delegadas na Sra. Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal por delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024 e, de conformidade coa motivación que antecede, elévase a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

PRIMEIRO.- Estimar, en base aos fundamentos de este informe, o recurso presentado polo Sr. J. Álvarez Moreira, con DNI ***6125** contra a resolución da concelleira competente de data 17/02/2025, e proceder a inclusión do recorrente na lista definitiva de admitidos no proceso selectivo de sarxento de extinción de incendios.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao recorrente, ao órgano de selección do proceso selectivo de sarxento de extinción de incendios, e proceder á publicación da presente na páxina web municipal.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vigo, sinatura dixital



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2025 12:36	Páxina 4 de 5
45741-220	CSV: AFA7C3-D15445-48828B-3EN36L-ETHL4A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno
de Seguridade, Contratación,
Festas
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH
e Formación**

A técnica de administración xeral.- Beatriz Domínguez Pereira

Conforme,

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024)-. María Olga Alonso Suárez

DECRETO: Logo de examinar a precedente proposta, **RESOLVO** de conformidade con ela.

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).- Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe, A secretaria do goberno local. Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo
45741-220

Data impresión: 20/02/2025 12:36

Páxina 5 de 5

CSV: AFA7C3-D15445-48828B-3EN36L-ETHL4A-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>